



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 23 DE NOVEMBRO DE 2018

FAVORABLES.-

LIC/115/2017.- ALFONSO FRAGA PARCERO.- Conceder licenza para executar obras de reforma interior de vivenda e baixo comercial no edificio sito na rúa das Orfas nº 9.

LIC/714/2018.- JOSEFINA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ.- Conceder licenza para executar obras de mantemento e mellora das condicións de habitabilidade en vivenda entre medianeiras na rúa das Hortas nº 33.

LIC/1506/2018.- INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA.- Conceder licenza para a instalación de sistema de produción eléctrica para autoconsumo mediante paneis solares fotovoltaicos integrados sobre pérgolas desmontables nun aparcadoiro exterior existente do complexo administrativo de San Lázaro situado na rúa San Lázaro, 63-65.

LAP/174/2018.- ASPAS.- Conceder licenza de obras de reforma e ampliación de edificación destinada a Centro de Día Residencial para persoas con discapacidades psíquicas na rúa Santa Teresa Jornet, 17.

LIC/965/2018.- PILPIL DE LIMÓN, S. L. U.- Conceder licenza para construción dunha nave industrial sen uso específico na rúa de Extremadura, 8.

LIC/1818/2016.- ALBA VELO GARCÍA.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a rehabilitación de edificación de vivenda unifamiliar e local comercial en pranta baixa situado na rúa Carretas, 25.

PARCELAMENTO.-

LIC/1382/2018.- PEDRO CAJADE ZACARÍAS.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para parcelación dunha finca no lugar de Portela de Villestro, 6, A.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar obras de reforma interior de vivenda e baixo comercial no edificio sito na rúa das Orfas nº 9. LIC/115/2017. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar obras de mantemento e mellora das condicións de habitabilidade en vivenda entre medianeiras na rúa das Hortas nº 33. LIC/714/2018. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a instalación de sistema de produción eléctrica para autoconsumo mediante paneis solares fotovoltaicos integrados sobre pérgolas desmontables nun aparcadoiro exterior existente do complexo administrativo de San Lázaro situado na rúa San Lázaro, 63-65. LIC/1506/2018. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza de obras de reforma e ampliación de edificación destinada a Centro de Día Residencial para persoas con discapacidades psíquicas na rúa Santa Teresa Jornet, 17. LAP/174/2018. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para construción dunha nave industrial sen uso específico na rúa de Extremadura, 8. LIC/965/2018. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia do acordo á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a rehabilitación de edificación de vivenda unifamiliar e local comercial en planta baixa situado na rúa Carretas, 25. LIC/1818/2016. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para parcelamento dunha finca no lugar de Portela de Villestro, 6, A. LIC/1382/2018. Apróbase a proposta.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao rexeitamento da solicitude de reclamación de indemnización por danos da empresa PROYECTOS E INMUEBLES DE GALICIA S.L., do SUNP-11. Acórdase de rexeitar a solicitude presentada pola empresa Proyectos e Inmuebles de Galicia SL sobre a devolución dos ingresos de 1.950.000 euros en concepto de cotas de urbanización de varias parcelas do SUNP-11. Acórdase dar traslado ao Servizo de Licenzas e, de ser o caso, a Xestión Tributaria no que atinxe á solicitude de devolución dos ingresos realizados en concepto de ICIO, que ascenderon a 485.742,85 euros.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao recurso interposto or INTERPARKING IBÉRICA SA, contra acordo da sesión de 13.7.18. Acórdase estimar parcialmente o recurso de reposición interposto por INTERPARKING IBÉRICA SL contra o acordo da Xunta de Goberno e, na súa virtude, revocar este acordo nos seus apartados segundo e terceiro, e autorizar a transmisión das participacións da empresa COMSA Aparcamientos SL (actualmente INTERPARKING IBÉRICA) a favor de INTERPARKING HISPANIA SL ao cumprirse os requisitos esixidos polos pregos que rexen os contratos de construción e explotación de cadanseu aparcadoiro de vehículos na Praza Roxa e na Praza Ponte Castro

11.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Apróbase a proposta.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa ao cumprimento da sentenza nº 154/2017, relativa ao contrato das "Obras de acondicionamento e mellora das pistas municipais nas parroquias de Santa Cristina de Fecha, San Xoán de Fecha e outras" incluídas no POS 2014 da Excma. Deputación Provincial da Coruña. Acórdase executar a sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 e, na súa virtude, declarar a non conformidade a dereito do Acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de outubro de 2015, deixando sen efecto a penalidade de 2.034,72 euros imposta ao contratista e a redución da cantidade de 5.471,18 euros, IVE incluído, dos pagamentos a satisfacer pola execución do contrato. Acórdase tamén solicitar un informe ao servizo de Proxectos e Obras relativo ao mantemento ou subsanación polo contratista das deficiencias observadas na execución do contrato e, de manterse estas, iniciárase un novo expediente sancionador por estes feitos.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa ao nomeamento de técnica municipal responsable do contrato de "Servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para centros de educación infantil de primaria dependentes do Concello de Santiago. Apróbase a proposta.

14.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a MERCANTIL MERCADO DE ABASTOS DE SANTIAGO, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, para a dinamización da praza de abastos no ano 2018. Dáse conta da sinatura do convenio, que supón unha achega municipal de 10.000 euros

15.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza de "reparación do vehículo matrícula 5183 CDR do Servizo de Extinción de Incendios do Concello de Santiago de Compostela". Apróbase a proposta.

16.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza de "servizo de redacción de proxecto constructivo da obra de Reurbanización dos

contornos urbanos de acceso á Cidade (Vista Alegre desde Avda. Castelao-Avio-Torreira ata a Ponte do Romáño)". Apróbase a proposta.

17.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza de "servizo de intervención e recollida de animais abandonados, perdidos, domésticos ou salvaxes de competencia municipal no Concello de Santiago de Compostela". Apróbase a proposta.

18.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza de "execución das obras do Proxecto de modernización das instalacións do alumado público en: Busto, Figueiras, A Gracia e outras (incluído na 4ª fase do PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS)". Apróbase a proposta.

19.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á xustificación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E DISCIPLINA ASOCIADAS. Apróbase a proposta.

20.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á xustificación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO. Apróbase a proposta.

21.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á xustificación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a SOCIEDADE DEPORTIVA DE COMPOSTELA para o ano 2018.. Apróbase a proposta.

22.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación de "explotación da cafetería sita no parque da Granxa do Xesto". Acórdase iniciar o expediente de concesión por procedemento aberto e tramitación ordinaria. O canon mínimo a ingresar pola concesionaria será de 4.964,40 euros/ano, e o contrato terá unha duración de tres anos contados a partir da data da formalización, podendo ser prorrogado por dous anos máis.

23.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación de "subministración dun vehículo tipo furgón transformado en vehículo policial para servizo de atestados." Acórdase a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 21.175 euros, IVE incluído.

24.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación de "subministración dun vehículo todoterreo tipo Pick Up para protección civil do Concello de Santiago". Acórdase a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 18.755 euros, IVE incluído.

URXENCIAS

1.-Proposta da concelleira delegada de Deportes para dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e varias entidades deportivas. Dase conta da sinatura de cadanseu convenio co Obradoiro Club Amigos de Baloncesto SAD (120.000 euros); Club Atletismo Santiago (9.000 euros); Club Victoria (7.000 euros); Federación Galega de Montaña (5.000 euros); Federación Galega de Atletismo (10.000 euros) e Club Triatlón Santiago (20.000 euros).

2.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á modificación e ampliación das rúas con dereito a tarxeta de residentes na zona 8 Pelamios-Vista Alegre. Acórdanse as seguintes modificacións:

_Incluír na zona 8 as seguintes rúas con dereito a aparcar nas zonas verdes para residentes: rúa de Bispo Diego Peláez, rúa de Noia, rúa de Boiro, praza de Álvaro Cunqueiro, rúa de Rianxo, rúa de Ribeira, rúa de Santa Comba e rúa de San Xoán. Todos os veciños e

Departamento de Prensa.Tfno: 981 54 31 09. Fax: 981 58 96 88. E-mail:
prensa@santiagodecompostela.org

veciñas que residan nestas rúas e cumpran coas condicións requiridas poderán cosneguir a tarxeta de residentes.

_Establécense como novas zonas reservadas a residentes, tanto 24 horas como só nocturnas, as seguintes rúas:

- Rúa de Santa Comba: permitirase o aparcamento libre durante o día, reservando o estacionamento para os residentes desde as 21.00 horas ata as 9.00 horas
- Rúa lateral do parque de San Xoán: libre polo día e reservado para residentes de 21.00 a 9.00 horas
- Rúa do Bispo Diego Peláez: reservado para residentes as 24 horas
- Rúa de San Xoán: reservado para residentes as 24 horas

3.-Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa ao nomeamento dos membros do xurado dos Premios de Creación Literaria SELIC 2018. Acórdase o nomeamento como membros do xurado de Antonio Rodríguez López, Guadalupe Gómez Arto, Francisco Xavier Lama López, Montserrat Dopico González e Paula Carballeira Cabana.

4.-Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa á modificación do acordo adoptado na Xunta de Goberno Local de data 22/12/2017 polo que se modifica a adscripción de persoal do Concello ao proxecto Atlantic Social Lab, no marco do programa europeo INTERREG. Apróbase a proposta.

5.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e o Concello para a realización do proxecto de Integración ambiental da glorieta elevada do enlace da SC-20, en Conxo". Apróbase a proposta.

6.-Proposta da concelleira de Acción Cultural relativa á concesión de axudas da convocatoria aberta de axudas de apoio a procesos e actividade culturais para entidades sen ánimo de lucro 2018-2019. Apróbase a concesión de axudas a 22 entidades por un importe total de 50.000 euros:

- _Fundación Araguaney: 3.625 euros
- _Asociación Cultural Circonove: 3.500 euros
- _Asociación Memoria Atlántica: 3.250 euros
- _Fundación Galicia Sustentable: 3.250 euros
- _Fundación Galiza Sempre: 3.250 euros
- _Asociación Cultural Barriga Verde: 2.875 euros
- _Associaçon Galega da Lingua: 2.050,67 euros
- _Asociación de Amigos da Ópera de Santiago: 2.500 euros
- _Asociación de violonchelistas de Galicia: 2.750 euros
- _Cursos universitarios e internacionais de Música en Compostela: 2.750 euros
- _Asociación Compostela Literaria; 2.250 euros
- _Asociación cultural Eu de Sar de toda a vida: 2.125 euros
- _Asociación cultural musical de antigos tunos compostelanos: 2.125 euros
- _Asociación cultural e xuvenil Itaca: 2.125 euros
- _Asociación de actores e actrices de Galicia: 2.000 euros
- _Asociación de Gaiteros Galegos: 2.000 euros
- _Asociación Folclórica Colexiata do Sar: 1.875 euros
- _Kino Galicia: 1.875 euros
- _Asociación Compostela Swing: 1.625 euros
- _Asociación Universitaria Arosa: 1.625 euros
- _Cavort Teatro: 496 euros
- _Asociación Normalizautismo Galicia: 78,33 euros

7.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa ao inicio dun expediente por incumprimento de contrato de execución das obras de mellora da pavimentación no viario de acceso a As Pereiras (A Gracia. POS 2017. Acórdase iniciar o expediente á empresa CANARGA SL, dándolle audiencia ao contratista por un prazo de 15 días hábiles, con carácter previo á imposición, no seu caso, das penalidades que procedan pola demora acumulada na execución dos traballos.